

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA
POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO
O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE: - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AŚ:

D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Isabel González Domínguez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a María Deza Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
D. Francisco Villaverde Otero
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José Buezas Méndez
D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil once, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declarárase aberta a sesión.

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA. A Sra. Presidenta xustificou a urxencia da convocatoria pola obriga legal que ten o pleno da Corporación de realizar, coa data límite do 26 de outubro de 2011, o sorteo para elixir aos membros das mesas electorais nos comicios a celebrar o vindeiro día 20 de novembro.

O Pleno da corporación, por unanimidade, ratificou a urxencia da convocatoria da sesión. -----

2º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que nas propostas de subida das taxas axustadas ao incremento do IPC ían a votar en contra posto que esta medida non se correspondía coa realidade dos ingresos dos veciños, que non subirían cantidade algúnhha para o ano vindeiro, engadindo que se debían conxelar as taxas como se fai cos impostos.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que se ían a abster debido a que, por un lado, é lóxico e lexítimo aplicar a subida do IPC ás taxas municipais e, por outro, podía existir un criterio político para non incrementalas.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, lembrou que o aumento deste punto era debido a actualización do contrato existente coa empresa concesionaria.

A Sra. Alcadesa indicou que a proposta está dentro dos termos contractuais e que non se pode incumprir o contrato non actualizando os seus prezos.

Rematado o debate a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Facturación por metros cúbicos consumidos e cota fixa mensual

a) Aboados con contador e servizo de abastecemento de auga.

Cota fixa mensual

- Uso doméstico	2,866 euros/mes
- Uso comercial.....	2,866 euros/mes
- Uso industrial hostelería, obras e outros	4,916 euros/mes

Por consumo (por cada m³ rexistrado no contador do aboad)

- Uso doméstico	0,184 euros/m ³
- Uso comercial.....	0,184 euros/m ³
- Uso industrial hostelería, obras e outros	0,184 euros/m ³

b) Abonados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga.

- Uso doméstico	15,601 euros/trim.
- Uso comercial.....	15,601 euros/trim.
- Uso industrial hostelería, obras e outros	44,632 euros/trim.

c) Aboados con suministro non procedente da rede municipal de abastecemento.

Aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán, ó seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual..... 4,916 euros/mes

Cada m³ vertido (medido ou aforado) 0,184 euros/m³

As tarifas indicadas incrementaranse co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12.”””””-----

3º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS

DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dixo que neste caso era improcedente aplicar a subida do IPC posto que o enganche vale o mesmo que o ano pasado e que o próximo.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que a súa intervención era xenérica para todos os puntos referentes ás taxas, precisando que consideraba a subida do IPC como unha cuestión de honradez, xa que ao concello tamén lle sobe, o que sería negativo sería realizar incrementos con carácter retroactivo ou por encima do IPC como fan outros concellos.

Rematado o debate a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

ABOADOS DOMÉSTICOS:

Mínimo: 30 m ³ /trimestre.....	0,3784 euros/m ³
Excesos.....	0,4272 euros/m ³

ABOADOS COMERCIAIS:

Mínimo: 30 m ³ /trimestre.....	0,3784 euros/m ³
Excesos.....	0,4272 euros/m ³

ABOADOS INDUSTRIAIS:

Mínimo: 75 m ³ /trimestre.....	0,4272 euros/m ³
Excesos.....	0,5486 euros/m ³

OBRAS:

Mínimo: 120 m ³ /trimestre.....	0,5486 euros/m ³
Excesos.....	0,7078 euros/m ³

As tarifas incrementarase co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

ALTAS DE CONTRATO

En concepto de dereitos, ó facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establecécese o prezo de 99,85 euros.

FIANZAS

Nos contratos de suministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 167,20 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan aboados os recibos pendentes.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12-----

4º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

1. Vivendas de carácter unifamiliar 14,711 euros/ano
2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación 3,695 euros/ano
3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros 1.225,406 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado..... 0,207 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio

non incluído noutros apartados	17,675 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no segundo apartado.....	49,036 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ó público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos.....	117,683 euros/ano
8. Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas dunha cota única de 96,85 euros.	

Segundo. Outras normas especiais de xestión

a) Os importes relacionados nos apartados anteriores serán facturados en períodos trimestrais (25% en cada trimestre)

b) No caso de que sexa aboado dos servizos de abastecemento de auga e saneamento, emitirase un só recibo por abastecemento e saneamento a nome do titular do contrato de abastecemento, sexa individual ou comunidade de propietarios.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12.-----

5º) MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE ANUNCIOS, OCUPANDO TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL OU VISIBLES DESDE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

- | | |
|-------------------|----------------------------------|
| • Zonas A e B: | 107,22 euros/m ² /ano |
| • Zonas C, D e E: | 53,61 euros/m ² /ano |

As cantidades esixibles con arreglo á tarifa anterior liquidáranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado sen autorización previa e serán rateables por trimestres

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12.”””-----

6º) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNNS ANÁLOGAS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

1º. Coeficiente de utilidade 1 (2 zona A)

- A 0,90 euros/m²/día
- B 0,36 euros/m²/día
- C 0,34 euros/m²/día
- D 0,27 euros/m²/día
- E 0,26 euros/m²/día

Mínimo a pagar polo total da ocupación: 5,00 € +tarifa

2º. Para grúas de construcción aplicase un coeficiente de utilidade 4

- A 3,58 euros/m²/día
- B 1,44 euros/m²/día
- C 1,35 euros/m²/día
- D 1,04 euros/m²/día
- E 0,98 euros/m²/día

3º. Por ocupación con camións-grúa, camións-bomba, grúas autoelevadoras, etc. aplicarase unha tarifa de 35,24 euros/día ou fracción

4º. Cortes de vía pública (previa autorización)

- Polo corte da rúa, no día, abonarase unha tarifa por hora ou fracción de:
 - o Rúas en situación de tránsito normal: 41,24 euros/hora
 - o Rúas en situación de alto tránsito: 82,48 euros/hora
 - o A situación de tráfico verificarase con carácter mensual polos servizos da policía local con respecto á frecuencia da circulación por períodos diarios de tempo, de tal forma que se considerará “situación de alto tránsito” a que sexa valorada con máis de 5 puntos, nunha escala de 1 a 10.
 - o Para a aplicación desta tarifa considerarase que as ocupacións de vía pública fanse dentro do prazo de execución da obra.
 - o No suposto de obras que superaron o prazo de ejecución as tarifas multiplicaranse por 2.

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa Praia dos Barcos e a Rúa Progreso de Sanxenxo.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo

Zona C: Inclúe os cascós urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12.””-----

7º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNDS OU RECREO, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que non só había que aprobar a modificación das taxas, tamén facelas cumplir, lembrando que se produce unha situación en Portonovo no verán que non se axusta a taxa que se aproba agora, o que considera antidemocrático e antisocial, solicitando que se faga cumplir a ordenanza aprobada.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, mostrou o seu acordo co sinalado polo anterior inteveniente.

A Sra. Alcadesa aludiu a que o Sr. Otero Domínguez tiña que especificar do que estaba a falar posto que, se se refería a unhas instalacións da comisión de festas, o concello non ten nada que ver.

Rematado o debate a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Tarifa: Coeficiente de utilidade 3 (7 zona A)

Zona A	3,12 euros/m ² /día
Zona B	1,09 euros/m ² /día
Zona C	1,01 euros/m ² /día
Zona D	0,80 euros/m ² /día
Zona E	0,72 euros/m ² /día

- Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa dos Barcos e Rúa Rafael Picó, en Portonovo.
- Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo
- Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa
- Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio
- Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

- **Tarifa especial**

a) Postos do mercadillo (ata un máximo de 3 ml. de fondo):

$$\text{Zona B } 0,34 \times 2,4 \times 1,07 = 0,87 \times 4 \text{ días/mes} = 3,48 \text{ €}$$
$$\text{Zona B } 0,34 \times 2,4 \times 1,07 = 0,87 \times 8 \text{ días/mes} = 6,96 \text{ €}$$

b) Instalacións temporais:

- Postos de froita de tempada

$$\text{Zona B } 0,34 \times 3 \times 1,07 = 1,09 \text{ €/m2/día}$$

- Postos de venda de flores e palmas nas datas de difuntos e festividade de Ramos

$$\text{Zona B } 0,34 \times 18 \times 1,07 = 6,55 \text{ €/m2/día}$$

- c) Industrias na rúa e ambulantes

- $\text{Zona B } 0,34 \times 3 \times 1,07 = 1,09 \times 365 = 397,85 \text{ €/ano}$

- d) Rodaxe cinematográfica, espectáculos na rúa, circos e similares

- $\text{Zona B } 0,34 \times 4 \times 1,07 = 1,46 \times 100 \text{ m2 (m}^2\text{ mínimos a considerar)} = 146,00 \text{ €/día}$

NOTA: O impago dun recibo durante máis dun mes poderá ser causa de revogación da autorización (art. 9.3.h. da O.M.R. da venda ambulante). Os recibos pasaranse ó cobro dentro dos 15 primeiros días do mes correspondente.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12."-----

8º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

"”””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Tarifa: Coeficiente de utilidade 9

Zona A	4,02 euros/m ² /día
Zona B	3,28 euros/m ² /día
Zona C	3,03 euros/m ² /día
Zona D	2,40 euros/m ² /día
Zona E	2,18 euros/m ² /día

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa Praia dos Barcos.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo.

Zona C: Inclúe os cencos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa.

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio.

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio.

1º. As presentes tarifas aplicaranse ata 10 m², os excesos ata 20 m² suporán a multiplicación da tarifa aplicable polo coeficiente multiplicador 1,50, os excesos de máis de 20 m² suporán a multiplicación da tarifa polo coeficiente multiplicador 1,25.

2º. A instalación por un ano enteiro terá unha redución do 35 %, por un semestre unha redución dun 30 % e por un cuadrimestre unha redución dun 25 %.

3º. Os quioscos axustaranse na súa forma e condicións ás normas que teña fixadas o concello.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de

que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12.-----

9º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, avogou porque nesta taxa fixéssese un pequeno esforzo para conxelala, xa que o concello non ten que pagar o incremento do IPC a ningúén.

A Sra. Alcadesa indicou que a actuación municipal de limpar as terrazas e deixalas en condicións supón que o concello ten que pagar uns custos que se incrementan polo que é indispensable subir esta taxa ao igual que as demais, porque é obriga dun goberno responsable adaptalas ao incremento do custo da vida para poder manter os servizos que se están prestando.

Rematado o debate a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“”””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Tarifa: Coeficiente de utilidade 6 (8 zona A)

Zona A	3,58 euros/4 m ² /día
Zona B	2,04 euros/4 m ² /día
Zona C	2,02 euros/4 m ² /día

Zona D 1,60 euros/4 m²/día
Zona E 1,42 euros/4 m²/día

Para o caso particular de mesas e cadeiras a tarifa será:

Zona A 358 euros/4 m²/ano
Zona B 204 euros/4 m²/ano
Zona C 202 euros/4 m²/ano
Zona D 160 euros/4 m²/ano
Zona E 142 euros/4 m²/ano

Zona A: Paseo Praia de Silgar, Praza de Portugal, Avenida do Porto, Rúa Augusto González Besada, Rúa Praia dos Barcos, zona portuaria de Sanxenxo, e Rúa Rafael Picó en Portonovo.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e da vila de Portonovo

Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

- 1º. No caso de mesas e cadeiras a cota a aplicar é anual, non sendo posible a división en tramos.
- 2º. Para mesas e cadeiras, en casos excepcionais, por eventos singulares, poderase facer unha solicitude que o órgano competente resloverá.
- 3º. A tarifa comprende un espacio de ocupación de 4 m², ou ben, para o suposto de mesas e cadeiras, unha mesa e catro cadeiras. Cada cadeira singular, en exceso, aplicáráselle a tarifa que corresponda dividida entre 10.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12.-----

10º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Importe do orzamento do proxecto a realizar con un mínimo de 21,15 euros..... 0,54 %

O tipo de gravamen aplicable no caso de licenza de primeira ocupación, será do 0,54 % do orzamento de execución ou base imponible do I.C.I.O.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12.”””-----

11º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA REGULADORA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN, PREVENCIÓN RUÍNAS DE CONSTRUCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

1.—Medios de Transporte:

Na saída do parque dos referidos medios inclúese a primeira hora ou fracción de servizo por cada unidade desprazada.

Saída, e hora ou fracción de servizo a maiores dos medios de transporte:	
1.1. Vehículos especiais: Autoescala, autobrazo, nodriza e asimilados por unidade e hora ou fracción de servizo:	64,11 euros
1.2. Vehículo autobomba de Extinción: B.U.L., B.R.L., B.R.P., B.U.P. e análogos por unidade e hora ou fracción de servizo:	49,87 euros
1.3. Vehículos Lixeiros de salvamento e transporte: F.S.V., VTL e asimilados por unidade e hora ou fracción de servizo:	24,93 euros
1.4. Embarcación de rescate e salvamento e asimilados por unidade e hora ou fracción de servizo:	35,61 euros
2.—Persoal do servizo:	
2.1. Por hora ou fracción de servizo por persoal do servizo que interveña na prestación do mesmo:	17,81 euros
2.2. Por hora ou fracción de servizo do xefe do servizo, xefe de parque ou especialista acreditado:	35,61 euros
3.—Materiais non consumibles:	
3.1. Polo uso de equipos de respiración autónoma, por unidade:	20,87 euros
3.2. Uso do grupo electróxeno, motoserra, disco ou similar, unidade:	41,32 euros
3.3. Uso do xerador de espuma:	20,64 euros
3.4. Uso do detector de gases, cámara térmica:	20,64 euros
3.5. Tramo de mangueira despregada, por unidade:	17,81 euros
3.6. Equipo de rescate en estrada, por hora ou fracción de traballo:	71,22 euros
3.7. Material Lixeiro, por hora ou fracción de traballo:	1,44 euros
4.—Materiais consumibles:	
4.1. Por cada kg de espumoxeno:	6,39 euros
4.2. Por utilización de extintor, cada unidade:	42,75 euros
4.3. Por botella de aire comprimido:	6,52 euros
4.4. Por kg de absorbente:	6,11 euros
4.5. Por kg de dispersante:	9,21 euros
5.—Nas saídas fora do municipio cobraránse ademais das cotas anteriores, por Km percorrido dende o parque ata o lugar da intervención:	0,70 euros
6.—Nas extincións de incendios en locais onde haxa substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, cando as administracións competentes na materia determinen tales condicións, recargarase a cota resultante dos apartados anteriores nun 100%.	
7.—Tarifa mínima dos dereitos a liquidar pola prestación de servizos:	60,56 euros
Esta tarifa mínima será de aplicación a servizos tales como desconexión de alarmas, apertura de portas, retirada de elementos arquitectónicos que ameacen ruína e similares, salvo que, da liquidación dos elementos utilizados, resalte unha cota superior.	

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12."-----

12º) MODIFICACIÓN DA ORDE REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

"”””**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Por concesión ou expedición de licencias: 1.918,90 euros.

Por autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu outorgamento, con arreglo á lexislación vixente: 639,63 euros.

Autorización para substitución de vehículos afectados nas licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición de: 63,96 euros.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acuerdo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12."-----

13º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA POLA TAXA DE LICENZAS DE APERTURA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o

seguiente resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“”””PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:

A) Supermercados ou hipermercados:

De menos de 120 m ²	363,79 euros
De 121 a 300 m ²	608,51 euros
De 301 a 500 m ²	788,21 euros
De 501 a 700 m ²	1.091,38 euros
De 701 a 1000 m ²	1.576,43 euros
De más de 1000 m ² , cóbranse 1.576,43 euros más 5,87 euros por cada metro cadrado que sobrepase os 1000 m ² .	

Enténdese por supermercado ou hipermercado o establecemento comercial que venda directamente ó público, polo sistema de autoservizo e posterior pagamento en caixa, produtos que sexan encadramos en máis de dúas categorías, por exemplo, alimentación, droguería, téxtil, papelería, electricidade, etc.

B) Cooperativas..... 363,79 euros

C) Economatos..... 363,79 euros

D) Tendas de productos de alimentación en xeral..... 363,79 euros

E) Carnicerías..... 242,51 euros

F) Panaderías..... 242,51 euros

G) Pastelerías 242,51 euros

H) Froiterías 242,51 euros

I) Peixerías..... 242,51 euros

J) Outros establecementos de alimentación..... 242,51 euros

K) Outros establecementos de alimentación que constitúan actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño) 303,16 euros

L)	Tendas de productos textís e calzado, confección, tecidos ou mercerías.....	242,51 euros
M)	Tendas de productos de droguería, ferraxería, electrodomésticos, tendas de cristais ou cristalerías, xogueterías, xoierías, librerías, papelerías e demais establecementos comerciais.....	242,51 euros
	Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño).....	303,16 euros
	Cando as superficies excedan de 200 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m ² ou fracción.	
N)	Pequenos establecementos comerciais como talleres de costura, perruquerías, sastrerías, zapaterías, salóns de beleza, carpinterías de madeira ou metal, venda e transformación de materiais de construcción e similares.....	242,51 euros
	Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño).....	363,79 euros
	Cando as superficies excedan de 200 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m ² ou fracción.	
Ñ)	Para calquera outro establecemento comercial non reflectido nos apartados anteriores.....	242,51 euros
	Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño).....	303,16 euros
	Cando as superficies excedan de 200 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m ² ou fracción.	
O)	Gasolineiras.....	848,83 euros
P)	Lavado e engraxe de vehículos, taller de electricidade do automóbil, mecánica do automóbil, reparación e mantemento de buques, reparación de maquinaria e vehículos agrícolas ou industriais e similares.....	485,04 euros
	Cando as superficies excedan de 200 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m ² ou fracción.	
Q)	Bancos, axencias de seguros, farmacias, centros recreativos e de ensino privados, axencias inmobiliarias, clínicas médicas, autoescolas, ximnasios, videoclubes, establecementos de cibernetica, salas de xogo, clínicas veterinarias, ópticas e similares.....	424,42 euros
	Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño).....	485,04 euros
	Cando as superficies excedan de 150 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m ² ou fracción.	
R)	Os establecementos de hostalería, aloxamento, recreación e espectáculos....	424,42 euros
	Se a capacidade excede de 150 persoas engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por	

cada tramo de capacidade a maiores de 25 persoas ou fracción.

(A estes efectos considerarase capacidade as camas de hospedaxe, cadeiras para os establecementos de restauración e espectáculos, e, subsidiariamente, para superficies non limitables por cadeira se considerará un aforo de 2 persoas por metro cadrado útil (pistas de baile, zonas de acampada e similares).

S) Todo xénero de establecementos fabrís	606,32 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación	
de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño)	848,83 euros
Cando as superficies excedan de 750 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m ² ou fracción.	
T) Depósitos e almacéns de todo tipo.....	606,32 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación	
de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño)	848,83 euros
Cando as superficies excedan de 750 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m ² ou fracción.	
U) Granxas de animais destinados á comercialización ou transformación de calquera xénero, matadoiros, frigoríficos industriais e similares	606,32 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación	
de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño)	848,83 euros
Cando as superficies excedan de 750 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m ² ou fracción.	
V) Locais non incluídos en ningún apartado anterior.....	242,51 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación	
de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño)	303,16 euros
Cando as superficies excedan de 200 m ² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m ² ou fracción.	
W) Depósitos de gas propano ou similares.....	303,16 euros

NOTA: Cando os establecementos vaian a desenrolar varias actividades tomarase como a de referencia só a principal. Exemplo: Unha gasolinera ou estación de servizo que teña servizo de lavado de vehículos ou tenda, só se lle aplicará a tarifa propia de gasolinera.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12."-----

14º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRAVÍAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

"”””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

1) Coeficiente corrector singular:

a) Garaxes públicos ou establecementos industriais ou comerciais

Zona A 57,05 euros/m/ano

Zona B 46,36 euros/m/ano

Zona C 43,04 euros/m/ano

Zona D 34,11 euros/m/ano

Zona E 30,96 euros/m/ano

b) Garaxes de uso particular de 1 a 3 prazas

Zona A 40,76 euros/m/ano

Zona B 26,49 euros/m/ano

Zona C 24,61 euros/m/ano

Zona D 19,49 euros/m/ano

Zona E 18,12 euros/m/ano

c) Garaxes de uso particular de 4 a 6 prazas

Zona A 40,76 euros/m/ano

Zona B 33,13 euros/m/ano

Zona C 30,75 euros/m/ano

Zona D 24,36 euros/m/ano

Zona E 22,13 euros/m/ano

d) Garaxes de uso particular de 7 a 25 prazas

Zona A 48,90 euros/m/ano

Zona B 39,73 euros/m/ano

Zona C 36,90 euros/m/ano

Zona D 29,24 euros/m/ano

Zona E 26,54 euros/m/ano

e) Garaxes de uso particular de 26 a 50 prazas

Zona A 57,05 euros/m/ano

Zona B 46,36 euros/m/ano

Zona C 43,05 euros/m/ano

Zona D 34,11 euros/m/ano

Zona E 30,96 euros/m/ano

f) Garaxes de uso particular de 51 ou más prazas

De 51 a 75 prazas serán as tarifas apartado e) x 2

De 76 a 100 prazas serán as tarifas apartado e) x 3

De 101 a 125 prazas serán as tarifas apartado e) x 4 ... e así sucesivamente

g) Reserva de aparcamento exclusivo de carga e descarga (máximo 4 horas/día)

Zona A 24,45 euros/m/ano

Zona B 19,87 euros/m/ano

Zona C 18,45 euros/m/ano

Zona D 14,61 euros/m/ano

Zona E 13,28 euros/m/ano

Zona A: Paseo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa Praia dos Barcos.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e o da vila de Portonovo

Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.12."-----

15º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ACTIVIDADES SINGULARES DE REGULACIÓN DO TRAFICO URBAN, TALES COMO RETIRADA E INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS, TENDENTES A FACILITAR A CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS E DISTINTAS ÁS HABITUAIAS DE SINALIZACIÓN OU ORDENACIÓN DO TRAFICO POLA POLICÍA LOCAL. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de outubro de 2011 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””**PRIMEIRO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

RETIRADA E TRANSPORTE

	<i>Concesionario</i>	<i>Concello</i>
Bicicletas	3,63	6,19
Ciclomotores	3,31	6,19
Motocicletas, triciclos, motocarros e análogos	9,83	6,19
Turismos	38,74	8,68
Furgonetas e análogos ata 1 Tm	77,46	10,31
Furgonetas e análogos entre 1,01 Tm e 3 Tm	113,51	10,31
Camións de 3 Tm a 10 Tm	258,28	10,31
Camións de máis de 10 Tm e autobuses	433,54	10,31
Camións articulados	671,71	10,31

DEPÓSITO E CUSTODIA (POR DÍA OU FRACCIÓN)

Concesionario

Bicicletas	2,06
Ciclomotores	3,09
Motocicletas, triciclos, motocarros e análogos	4,12
Turismos	10,31
Furgonetas e análogos ata 1 Tm	15,47

Furgonetas e análogos entre 1,01 Tm e 3 Tm	30,93
Camións de 3 Tm a 10 Tm	46,40
Camións de más de 10 Tm e autobuses	61,86
Camións articulados	103,10

**DESPRAZAMENTO E ENGANCHE SEN RETIRADA
DE VEHÍCULO**

	<i>Concesionario</i>	<i>Concello</i>
Turismos	15,98	6,19
